

XAVIER RODRÍGUEZ BAIXERAS, ESCRITOR NA SÚA TERRA

REDACCIÓN MUNDO GALIZA

1 DE XUÑO DE 2012



Xavier Rodríguez Baixeras © Xosé María Álvarez Cáccamo

A Homenaxe O Escritor na súa Terra, impulsada pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), chega este ano á súa XVIII edición recaendo, por decisión unánime da súa Asemblea de Socios e Socias, na figura de Xavier Rodríguez Baixeras, que será homenaxeado na vila da súa infancia, Ribadeo.

Esta iniciativa anual conforma xa unha tradición na traxectoria da Asociación, e tense constituído ao longo de década e media como unha celebración na que a terra de orixe do homenaxeado/a cobra un protagonismo fundamental. É vontade da AELG honrar escritores/as procurando o contacto directo co autor/a e a súa implicación persoal na xornada de homenaxe.

Unha celebración múltiple e popular na que se vén recoñecendo a entidade literaria de insignes figuras das nosas letras, a través dunha serie de eventos como a entrega do galardón Letra E de escritor/a (unha peza escultórica asinada por un/ha recoñecido/a artista galego/a, neste caso Silverio Rivas), a plantación dunha árbore simbólica (unha palmeira elixida polo propio autor), a colocación dun monólito conmemorativo e a atribución do nome do homenaxeado a un espazo público ou infraestrutura cultural, neste caso a un parque que linda co Forte de San Damián.

PROGRAMA DE ACTOS

11.30

Parque “Os Canapés” (O Xardín)

Plantación da palmeira (árbore simbólica do escritor) e descubrimento do Monólito conmemorativo dedicado ao

homenaxeado

Interveñen:

- Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da AELG
- Mari Luz Álvarez Lastra, Concelleira de Cultura, Educación e Igualdade
- Xavier Rodríguez Baixeras

12.30

Salón de Plenos da Casa do Concello de Ribadeo, rúa Praza de España, 1.

Acto de entrega da letra E

Interveñen:

- Fernando Suárez Barcia, Alcalde de Ribadeo
- Mercedes Queixas Zas, Secretaria Xeral da AELG
- Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da AELG
- Xosé María Álvarez Cáccamo. Laudatio
- Entrega da peza escultórica de Silverio Rivas
- Intervención do homenaxeado: resposta á laudatio por parte de Xavier Rodríguez Baixeras

13.45

Visita ao Parque Xavier Rodríguez Baixeras (zona do Cargadeiro)

A Asociación de Escritoras e Escritores convida a cidadanía da Mariña a acompañar ao autor nestes dous actos.

A organización conta co apoio do Concello de Ribadeo, a Deputación Provincial, a Consellaría de Cultura e o Centro Español de Dereitos Reprográficos.

BIOGRAFÍA

A biografía nómade de Xavier Rodríguez Baixeras (Tarragona, 1945), o seu tránsito de habitante en diferentes cidades e países, a procura do centro estábel nalgún punto da rosa dos ventos –maiormente a Beira Norte, a Mariña, de Ribadeo a Nois–, conforman constantes existenciais que alicerzan o edificio da súa escrita, asentada sobre os símbolos da Viaxe e a Casa, arquetipos dinámicos en constante interacción complementaria.

Desde os seus inicios foi construíndo o poeta un código de singular estilo, caracterizado pola tensión das solucións formais, a perspectiva interrogante e asombrada, o exercicio dunha ollada simbólica e arquetípica que se expresa en pronuncia natural, certo efecto de estrañeza producido polo equilibrio entre a visión onírica e o deseño figurativo e o dominio absoluto das técnicas rítmicas e musicais. Xavier Rodríguez Baixeras, figura máxima da xeración poética dos 80, poeta fundamental na historia completa da Poesía, mestre de coetáneos e herdeiros, foi labrando na súa obra un dos discursos máis transcendentales e reveladores da contemporaneidade.

A singularidade da súa voz e do seu estilo procede da actitude ética e temperamental de quen mantén unha moi consciente orientación de independencia, moi afastado sempre da norma gregaria, aínda que comprometido tamén coas causas colectivas da xustiza e a fraternidade, desde a esquerda, desde o nacionalismo, sen deixarse seducir nunca polo engado do poder.

ANTERIORES MERECEDORES/AS DESTE GALARDÓN

• I Edición • 1995 • Boa, Taramancos

ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS

• II Edición • 1996 • Cangas do Morrazo

BERNARDINO GRAÑA

• III Edición • 1997 • Outeiro de Rei

MANUEL MARÍA

• IV Edición • 1998 • Vigo

MARÍA XOSÉ QUEIZÁN

• V Edición • 1999 • Gres, Vila de Cruces

XOSÉ NEIRA VILAS

• VI Edición • 2000 • Parada do Courel

UXÍO NOVONEYRA (póstumo)

• VII Edición • 2001 • Ribadeo

LUZ POZO GARZA

• VIII Edición • 2002 • Vilalba

XOSÉ CHAO REGO

• IX Edición • 2003 • Nogueira de Ramuín

XOSÉ FERNÁNDEZ FERREIRO

• X Edición • 2004 • Teis, Vigo

SALVADOR GARCÍA-BODANO ZUNZUNEGUI

• XI Edición • 2005 • Ourense

PURA E DORA VÁZQUEZ

• XII Edición • 2006 • Vigo

MARÍA DO CARME KRUCKENBERG

• XIII Edición • 2007 • O Valadouro

MANUEL LOURENZO

• XIV Edición • 2008 • Melide

XOSÉ VÁZQUEZ PINTOR

• XV Edición • 2009 • Vilalba

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

• XVI Edición • 2010 • Santiago de Compostela

MARILAR ALEIXANDRE

• XVII Edición • 2011 • Lugo

PACO MARTÍN